

2009

## Frente Popular Galega



## [PROGRAMA ELECTORAL]

*Levaremos a voz do pobo traballador galego, das clases populares, as principais afectadas pola crise neoliberal, ao Parlamento. Non para o lexitimar senón para facer do vello cuartel do Hórreo unha gran caixa de resonancia do movemento popular*

# COA NACIÓN, NA ESQUERDA

A FPG leva vinte anos aportando alternativas, sumando mobilizacións, a carón sempre da loita obreira e popular, denunciando que este sistema non serve, que o marco autonómico no que se aprisionou ao Pobo Galego é un atranco para o avance colectivo, como mulleres e homes libres donos e protagonistas do noso presente e futuro.

Agora somos chamados novamente a unhas eleccións autonómicas os habitantes das catro vellas e inservíbeis provincias, quedando fóra desta farsa as galegas e galegos habitantes das comarcas do leste, aínda hoxe baixo outras administracións autonómicas, e sen dereito, tan sequera, a decidir democraticamente a súa reincorporación á nación común.

A Frente Popular Galega (FPG) preséntase ás eleccións autonómicas coa intención de sermos o altofalante do pensamento crítico do pobo galego, que non recúa na loita polo recoñecemento do noso dereito irrenunciábel á autodeterminación nacional e que aspira a unha sociedade ceibe e sen explotación. Queremos unha nova nación. Unha nación con Estado de seu, un Estado da clase obreira: queremos, necesitamos, a República Galega.

**Hoxe a gran maioría da xente intúe que a autonomía outorgada polo Estado español apenas é unha camisa de forza para o pleno desenvolvemento dos nosos inmensos potenciais** e tan só serve a grupos reducidos de oligarcas e políticos profesionais que fixeron dos recursos públicos un modo de vida obsceno, dilapidando os cartos de todas e todos nós no seu proveito persoal. Simplemente un teatro no que tres mediocres marionetas interpretan un papel ante un auditorio cada vez máis reducido.

É preciso, pois, sacar a política dos despachos e escanos. Só avanzando na autoorganización popular, na alianza das traballadoras e traballadores coas clases populares deste país, nas rúas, nas fábricas, nas escolas, nas parroquias e nos barrios, poderemos saír do actual marasmo e superar o capitalismo dependente ao que nos condenaron de por vida. Só coa participación activa de tod@s, poderemos poñer proa cara a nosa Independencia Nacional e o Socialismo.

Para acadar estes dous obxectivos estratéxicos, a FPG, desde a súa V Asemblea Nacional celebrada en 2006, relanzou as liñas de traballo que permitan avanzarmos na acumulación de forzas nacionalistas e de esquerdas, que sexan leais e fiábeis no traballo cotián, que sexan quen de conformar, chegado o momento, unha grande alternativa sociopolítica. Neste sentido, estes últimos catro anos de goberno bipartito permitiron madurer certas posicións que máis cedo que tarde han dar lugar á reconfiguración do panorama político nacional. Neste período histórico as sucursais dos principais partidos españois en Galiza -PSOE, PP- redobran esforzos nun novo proceso centralizador, travestido de modernidade uns e de certo cheiro neofranquista outros, mentres o nacionalismo hexemónico decidiu abandonar a mobilización social e o seu carácter popular para se adecuar aos intereses de certas oligarquías locais.

**Hoxe votar á FPG é facer avanzar a alternativa, que xa se está forxando, que crea na autoorganización do pobo, no protagonismo do movemento social e na hexemonía das traballadoras e traballadores deste país por riba da caste política e dos estamentos políticos actuais.** Unha alternativa baseada no asemblearismo e na democracia participativa. Por iso **quen vote FPG non estará votando unhas siglas máis, estará alicerzando con decisión a futura alternativa nacional e popular** das traballadoras e traballadores, dos labregos e

labregas, dos mariñeiros, moitos dos cales seguirán sen poder votar en pleno século XXI, da mocidade combativa, das mulleres rebeldes, da intelectualidade patriota e progresista...

A FPG, en definitiva, preséntase ofrecendo a opción rebelde fronte ao Estado español, o capitalismo e os seus xestores. Este é un **Programa Electoral de Mínimos**, adecuado á actual conxuntura, unha achega máis ao debate aberto, un xesto de responsabilidade revolucionaria. Consideramos necesario, aquí e agora, e xunto coas achegas de moitas outras voces, trazar as liñas do que deberá ser a alternativa nacional e popular do futuro. Sen caer nin en abstraccións grandilocuentes, que só serven para o museo das curiosidades, nin en fracasados intentos de remozar a nosa dependencia colonial, afondando na vía morta do autonomismo.

**Levaremos a voz do pobo traballador galego, das clases populares**, as principais afectadas pola crise neoliberal, **ao Parlamento**. Non para o lexitimar senón para facer do vello cuartel do Hórreo unha grande caixa de resonancia do movemento popular. **Creemos nunha outra política ao servizo da clase obreira**. Negámonos a aceptar o papel secundario ao cal nos relega o aparato ideolóxico e as estruturas do capitalismo así como as forzas políticas sucedáneas do mesmo. Rexeitamos ceder o control da cousa pública aos banqueiros e ao empresariado obsesionados no lucro con políticas económicas claramente especulativas. Xa o sufrimos na queda da construción ou na automoción. Os propios culpábeis disque van ser agora os nosos salvadores. Se non modificamos ese pensamento seremos eternamente reos do capitalismo.

Fronte a eles, debemos potenciar e fomentar a mobilización social que procure a ruptura co sistema neoliberal, pulando pola mellora das condicións sociais e económicas das clases populares. Loitaremos por unha política económica con independencia total en materia fiscal e laboral. Debemos evitar a regresión en dereitos civís e esixir unha volta á aposta polos servizos públicos, cada vez máis integrados nunha filosofía da xestión pública a través das empresas privadas que se alzan paralelamente. Temos que recuperar o concepto de xestión pública, democrática e transparente.

**O carácter escasamente democrático do actual réxime demóstrase tamén co límite do 5% para entrar no Parlamento de Compostela que blinda aos grupos maioritarios fronte a crítica da esquerda arredista**. O elenco parlamentario deixa unha oposición no Partido Popular, a dereita española, e un bipartito co PSdeG e BNG. Quen fala dende a esquerda galega? Quen discute a xestión e propostas do goberno autonómico cun enfoque nacionalista e de clase? Quen é a voz da clase obreira cando se esixen responsabilidades pola subida dos salarios aos políticos, a negación a debater as Iniciativas Lexislativas Populares ou o silenciamento das problemáticas veciñais?

Deixar a vontade dun pobo en mans de 75 deputados por catro anos é reducir a democracia a unha “elite política” que se protexe fronte ao externo que lle resulte incómodo. Por iso esixiremos o recoñecemento dos **referendos vencellantes** e a revogabilidade dos cargos. Hai que dotar ao Pobo Galego de ferramentas políticas de actuación inmediata. O pobo debe intervir na acción política.

E mentres tanto, despois de máis de dúas décadas de réxime autonómico seguimos observado con estupor como os milleiros de galegos e galegas espalladas polo mundo seguen a ser usados como moeda de cambio polo partido instalado no poder para apañar votos a calquera prezo negándolles os dereitos máis básicos, entre eles, e o primeiro, o **dereito a retornar con dignidade á Patria**.

A Constitución de 1978 segue a ser un parapeto que emprega o Estado español para limitar as aspiracións de liberación nacional e social. As ameazas xurdidas dentro dos estamentos militares facendo alusión ao artigo 8, a existencia da Audiencia Nacional (continuación do TOP fascista) para delitos políticos ou un Constitucional que nos nega o mesmo estatus para a lingua galega co castelán dentro do territorio galego son verdadeiros anacronismos propios de épocas absolutistas e de tinguiduras militaristas. A FPG é radicalmente contraria á Constitución española e ao marco xurídico que dela emana.

Asumimos o internacionalismo en pé de igualdade entre os diferentes pobos do mundo nunha relación baseada na solidariedade e na fraternidade. Rexeitamos a actual Unión Europea, predisposta aos ditados da OTAN e da política dos Estados Unidos. Énos ridículo as esmolos do goberno español para entrar nas decisións mundiais cando os verdadeiros dirixentes son o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional e os lobbys económicos mundiais.

Defendemos un achegamento a Portugal, cun forte relanzamento da Gallaecia, centrado nunha mellora nas comunicacións viarias e ferroviarias que poidan afianzar o potencial industrial. Do mesmo xeito cómpre achegamentos noutros niveis, como o cultural, estreitando lazos entre os galegos e os portugueses en plena igualdade.

Mentres avanzamos nese proceso, a FPG presenta un programa electoral que trata de responder ao conxunto das forzas sociais vivas, nacionalistas e de esquerdas, levándoo ao debate co fin de construírmos entre todos un vieiro común cara unha Galiza liberada.

# Política Económica

Se ben o marco autonómico limita e de xeito decisivo a marxe de manobra á hora de deseñar unha política económica para Galiza, tamén non é menos certo que os distintos partidos que estiveron até agora con responsabilidades de goberno non fixeron absolutamente nada para encetar unha política rigorosa, con obxectivos a curto, medio e longo prazo, e dedicando os recursos precisos para tal fin.

Unha política económica para o noso país ten que partir da constatación da nosa condición periférica (economicamente falando) polo que o deseño desta non pode ser apenas un calco da aplicada noutros contextos. E en Galiza a primeira cuestión a corrixir é o do excedente xerado. Excedente que sempre, onte e hoxe, inevitabelmente circularon cara riba (na escala social) e cara fóra (do país). Non é a nosa intención con este Programa Electoral de Mínimos facer un exhaustivo recetario pois, como xa se comentou este é un Programa para a mobilización e a loita popular. Neste sentido cremos que na actual etapa histórica o obxectivo revolucionario pasa por unha política democrático-popular, é dicir por cortar a devandita circulación do excedente facéndoa xirar cara as maiorías deste país.

Porén, unha nova variábel vense sumar á histórica ecuación da nosa situación de dependencia colonial. A tan comentada crise do sistema neoliberal, que abre interesantes perspectivas para a superación do modo de produción capitalista.

## Situación económica a nivel mundial. Xénese e efectos

Levamos anos denunciando a insostibilidade do sistema capitalista e das súas fracturas a curto prazo, como agora estamos padecendo. O esperpéntico *laissez faire* na economía, a subida dos prezos, o aumento de familias hipotecadas (casa, coche, electrodomésticos, etc.), aumento da taxa de morosidade... tiñan un evidente resultado. Xa estaba dito, xa estaba anunciado polos economistas críticos. A ciencia económica pódese trabucar no calado da crise mais non na propia aparición da crise, se non hai modificacións estruturais como non houbo.

Neste sentido non só foi a elite dos economistas quen puideron anunciar o acontecido senón que no propio seo do pobo sabíase que a situación tería un límite. Porén, a actitude dos gobernos do PP e do PSOE foi dunha escandalosa non intervención nin regulación alegando as razóns da sacrosanta liberdade do mercado. Non interviron para regular e protexeron a especulación.

O sistema bancario norteamericano manobrava co uso de activos tóxicos avalados por hipotecas lixo, as xa famosas “subprime”. Os bancos fixeron uso dos activos tóxicos para negociar e crear lucro construindo activos ficticios nos que realmente non hai nada debaixo.

A nivel mundial sabíase pero non se quería saber. No cumio de Davos de 2008 xa o sistema presentaba os primeiros síntomas. Os gobernos deciden ocultar crendo que o propio sistema se pode rexenerar coa estabilización en Oriente Medio na que os seus estados, xunto a China e

India, puidesen recapitalizar o sistema bancario estadounidense. Nada diso pasou. Acelerouse a crise, insistimos, unha crise que a esquerda anticapitalista, da que forma parte a FPG, denunciabamos.

Comezan as crises en diferentes sectores: inmobiliaria, hipotecaria, automoción, bancaria... Non é unha crise sectorial nin cíclica senón que é a crise mesma do sistema capitalista, é a crise que se enxendra dentro do bandullo dos propios xestores mundiais. É unha crise estrutural.

Prodúcense as primeiras quebras e destabilizacións: General Motors, Bear Stearns, Lehman Brothers, Fannie Mae, Freddie Mac, Northern Rock, Standard&Poors, AIG, Moody's... crises de liquidez, falta de confianza nos mercados, caída do valor das accións, peche de empresas, paro... Pero isto, todo isto, xa o sabían no Banco Mundial e no Fondo Monetario Mundial e nos organismos internacionais capitalistas do G-20 e o G-8. Sabían pero ocultárono sen facer nada. De súpeto salta no debate mundial a necesidade das nacionalizacións parciais por parte da administración Bush e o goberno británico, nacionalizacións radicalmente diferentes ás que propomos dende a FPG, como xa denunciámos.

A solución que adoptaron os propios defensores do ultraliberalismo foi inxectar diñeiro público nos bancos para mercar os activos tóxicos. Os propios culpábeis son os salvadores. En 2009 un 50% da economía mundial (EE.UU., Europa e Xapón) estará en recesión e o diñeiro público, na banca.

No Estado español o goberno do PSOE inviste 30.000 millóns de euros na banca privada para, supostamente, reflotar a economía. Isto aumentará o déficit público. Logo se descubren fusións de bancas como en Euskadi entre o BBK e Kutxa, onde nace Caja Euskadi ao servizo do PNV, bancos afectados pola estafa Madoff que farán uso do diñeiro público para sosterse ou os números positivos, beneficios, das grandes bancas como o Banco Santander de Emilio Botín (5,5%, 6.935 millones de euros) ou até Banesto (2%, 779,8 millones de euros). O único que fixeron foi socializar a crise, que a crise que se xesta na propia economía e o estado é un pasmarote, sendo os máis afectados o pobo traballador. Os especuladores, a aposta pola economía especulativa é culpa de todos? Non, é culpa do gran capital, da banca e dos gobernos do PP e do PSOE. Nós esiximos que se faga un reforma xudicial para xulgar a calquera responsábel dunha empresa ou banca que especule. A especulación debe ser atallada e criminalizada pois só xera beneficios a uns poucos e cando dan perdas, somos o pobo traballador os afectados.

Preséntanos a medida da “devolución de 400€” no imposto do IRPF como unha medida positiva para a clase obreira. A realidade bate con ela pois esta medida non ten en conta o nivel de renda de quen a recibe: tes que pasar dos 400€ de retención para ter acceso á axuda. Os que adoitan ter ingresos inferiores a 9.200€ brutos anuais en Galiza son a meirande parte dos pensionistas, os que cobran salario mínimo, gran parte dos contratos da mocidade...

No Estado español a caída do valor das accións de determinadas empresas e bancas foi alarmante. Fadesa ou Sacyr presenta suspensión de pagos, ábreanse Expedientes de Regulación de Emprego (ERE) destacando o número de despedimentos e non renovacións no sector automovilístico (Nissan, Seat, Citroën...), etc. Medidas en reformas tributarias a prol da clase operaria? A Comisión Europea preve que en 2010 haxa un 19% de poboación activa no paro cunha caída do 2% do PIB e un déficit público do 6,2%.

## Situación en Galiza

No noso país a situación albíscase preocupante, ao non contarmos apenas con ferramentas políticas que nos permitan intervir na economía. As oito principais empresas radicadas en Galiza que cotizan en bolsa rexistraron unha descapitalización de 9.000 millóns de euros: Inditex cae un 26,5%; Banco Pastor un 53%; ENCE, un 67%; Zeltia un 47% ou Pescanova un 33%. O peche continuo de pequenas e medianas empresas da construción xunto as posíbeis quebras doutras grandes empresas provocaron un aumento de parados e un retroceso de case o 40%. O sector da construción xerara en 2005 o 22,5% do VEB e o case 14% do emprego total. A caída é perigosa. A situación en Citroën e empresas auxiliares son alarmantes. Aparecen casos de deslocalización de empresas que aproveitan a situación de crise.

Antonio Ramilo Fernández-Arela, quen fora presidente da Confederación de Empresarios de Galiza (CEG), falaba nos seguintes termos, nun artigo do ano 2000: *“Os empresarios consideramos que a política económica dos próximos anos ha ter como máxima a obtención dunha maior liberdade creativa, con mercados máis libres”* propondo melloras fiscais para as empresas, *“unha materialización urxente é a necesidade de liberaliza-lo solo”* ou *“acelera-lo proceso privatizador das empresas estatais ou públicas”*. Xunto a isto, liberalizar mercados, reducir as cotizacións sociais ou erradicar a negociación colectiva. Estas eran as análises do empresariado galego e as reclamacións en aras da especulación. Esta é a esperpéntica e macabra actitude da burguesía que disque agora nos salvará da crise apostando pola economía produtiva porque, segundo eles, hai un capitalismo especulativo e un capitalismo produtivo. A clase obreira só coñece un: o capitalismo deshumanizante.

O ano 2009 comeza con recesión económica. O goberno do PSOE, promovendo a especulación no sector enerxético, subirá a tarifa da luz un 3,5% de media e remata coa tarifa nocturna que afecta a 180.000 familias galegas. O transporte por ferrocarril sobe un 6,28%, as peaxes das autoestradas (co alarmante caso galego da venda da concesión a Citigroup) soben un 4,46% e os servizos postais un 3,22%. Por outra banda, o goberno do PSOE suprime os impostos de Patrimonio e o de Sucesións e Doazóns, que son impostos cedidos ás CC.AA. que xeraban preto do 7% (260 millóns de euros en Galiza), nunha intromisión centralista na minguada capacidade fiscal galega; promove vantaxes fiscais ás grandes fortunas crendo que esa é a vía do reflote da economía. Non se fala dunha reforma tributaria aumentando os impostos directos sobre as renda máis altas, non se fala dun estricto control da evasión fiscal, non se fala dunha reforma laboral que afiance os postos de traballo e asegure ás familias traballadoras traballos dignos. Non, nunca se fan reformas a prol da clase traballadora; só a prol do empresariado ou, como mal menor, non se toca nada e seguimos sufrindo as políticas neoliberais.

A capacidade fiscal e laboral de Galiza están limitadas polo propio Estatuto que funciona de coartada por parte do Estado español, como un trebello máis de colonialismo, asegurando que Galiza vive grazas á solidariedade do resto de comunidades visualizado na transferencia de diñeiro do chamado Fondo de Suficiencia. Estamos ante unha arma ideolóxica do colonialismo que se impregna en numerosas capas sociais galegas.

## Propostas da FPG en materia económico-laboral

A FPG adopta como guieiro da súa política económica, na actual conxuntura, a aposta pola empresa mixta de control público, asegurando sempre un control do 51% das accións das empresas así como unha recuperación dos servizos públicos. Deste xeito aseguraríamos a liquidez das empresas que neste período entran en creba. Promoveranse entes con este perfil

nos sectores estratéxicos da economía galega garantindo a produtividade fronte a especulación. Deste xeito poderase exercer un control máis estreito do ordenamento da actividade económica e posibilitar a participación real do pobo.

**Ante esta situación, a FPG defende e presenta as seguintes medidas:**

**1. Recoñecemento da capacidade fiscal e da solvencia económica de Galiza coa transferencia ao 100% do IVE e do IRPF, así como as competencias exclusivas en materia económica e laboral. Debemos apostar por unha Axencia Tributaria propia.**

**2. Creación do Instituto de Crédito Galego.**

**3. Reclamar ao Estado a recuperación do imposto sobre Patrimonio.**

**4. Modificación da lexislación de regulación das caixas de aforro creando mecanismos que eviten o control partidista destas así como unha regulación máis estrita da actividade financeira que estea encamiñada unicamente á economía produtiva recollendo medidas sancionadoras nos casos contrarios. Esiximos a inclusión das centrais sindicais nos consellos de administración. Apostamos estratexicamente pola creación dunha Banca Nacional Pública.**

**5. Defensa da inclusión da taxa Tobin nos movementos de capital.**

**6. Eximir o IVE nos bens de consumo básico e aumentalo naqueles bens considerados de luxo ou de consumo cotiá das clases con gran poder adquisitivo.**

**7. Descentralización do IPC para ser un índice calculado en cada nación ou rexión. Redefinición do IPC galego tendo en conta a economía sumerxida, o prezo da vivenda e con especial atención aos grupos de produtos máis relevantes: alimentación e bebidas, vivenda e transporte público.**

**8. Modificación das condicións para acceso ás subvencións para as empresas con esixencias sobre dous piares: emprego e economía produtiva garantida durante un período mínimo de cinco anos. Incrementaranse os mecanismos de supervisión do cumprimento das condicións así como garantir a devolución nos casos de incumprimento.**

**9. Creación do Instituto de Desenvolvemento de Galiza para fomentar as actividades produtivas en sectores estratéxicos da economía galega, con participación dun 51% no capital social das empresas que queiran operar para que estean ao servizo dos intereses do pobo.**

**10. Recoñecer o dereito de intervención da Xunta de Galiza nas empresas que cunha porcentaxe de beneficios interanual optan pola deslocalización asegurando a liquidez e os postos de traballo.**

## Política Enerxética

O ano 2008 marcará un punto de inflexión dentro do sector enerxético galego coa adxudicación de case 2.500MW de produción cos que se acadarían os 6.500MW previstos no *Plan enerxético de Galicia 2007-2012* (PEG). Un dos horizontes é axudar no cumprimento do obxectivo marcado polo Consello Europeo (2008) de que o consumo enerxético da Unión Europea sexa dun 20% extraído das renovábeis, feito polo de agora pouco probábel pola escasa rendibilidade económica, a escasa investigación na tecnoloxía e as 'indefinicións' administrativas.

A radioloxía da enerxía, tanto a nivel europeo como a nivel galego, demostra a dependencia das enerxías non renovábeis, sobre todo cru de petróleo e derivados. O ritmo de crecemento anual será dun 0,25% anual entre 2005-2030 (segundo os datos da UE), e seguirá sendo a enerxía preponderante cun uso do 35% do total. O esgotamento dos recursos petrolíferos europeos derivarán nunha maior dependencia das importacións. Na última década, a dependencia de enerxías primarias é dun 75% no Estado español, que en 2005 chegou ao 85%.

Segundo os datos da Comisión Europea (2008) a dependencia das importacións de combustíbeis sólidos, petróleo e gas natural acadou o 68,63%, que se incrementará co tempo pola caída na extracción europea de petróleo e carbón.

Porén agárdase un aumento na produción enerxética derivada da biomasa, eólica, hidráulica e xeotérmica cun ritmo do 2,67% anual entre 2005-2030.

O sector enerxético galego ten unha base non renovábel, contaminante e claramente dependente do exterior: entre un 90% e 95% da enerxía primaria importada corresponde ao cru de petróleo, produtos petrolíferos e o carbón, que acaban supoñendo un 70% da enerxía transformada. En termos globais, un 85% da enerxía transformada en Galiza é non renovábel. A dependencia enerxética de Galiza aumentará co uso e expansión do gas natural que suplirá a caída do carbón (esgotamento nas centrais de Meirama e das Pontes de García Rodríguez), co que iso supón en termos económicos e de soberanía.

O PEG proxecta a construción de varias plantas de produción de bioetanol a partir de cereais e de biodiesel para a súa posterior distribución e comercialización. Aínda hoxe en día non está clara a rendibilidade enerxética das plantas de descartarmos calquera tipo de subvención do produto final. Estes proxectos levan consigo unha alteración nos cultivos agrícolas tradicionais destinados á alimentación.

Respecto da enerxía hidráulica, os encoros construídos entre 1952 a 1962 aumentaron nun 600% a produción enerxética que foi levada fóra da nosa nación para, en boa parte, auspiciar o

despegue industrial do Estado español, mentres Galiza continuaba no subdesenvolvemento estrutural a que foi condenada polas políticas dese mesmo Estado.

Arestora temos en territorio galego 36 centrais de grande hidráulica (potencia superior a 10MW) que xeran case 3.000MW, e 100 minicentrais (potencia inferior aos 10MW) que producen case 1.000MW. Os prognósticos só deparan a construción de minicentrais. A aprobación dun canon que gravase ás grandes hidráulicas foi un paso adiante, contando coa oposición de Unión Fenosa ou Iberdrola (principais eléctricas neste sector), mais foi pouco ambicioso e non inclúe as pequenas hidráulicas. Dende a FPG tamén cremos oportuno abrir o debate sobre a xestión e control da conca hidráulica do Miño-Sil e as competencias que lle corresponderían á Xunta de Galiza.

A enerxía eólica tivo o seu ano, o 2008. A adxudicación de 2.350MW contra final de ano supuxo o maior reparto eólico nunca feito en Galiza, en base a un Decreto que a FPG denunciou durante o mesmo ano tanto na filosofía da súa elaboración como na redacción do seu contido. Baixo unha campaña, "Producción enerxética, lucro colonial", quixemos denunciar o uso colonial da enerxía eólica, sinalar en que aspectos se seguiu a política do PP (por exemplo, estamos ante o mesmo Plan Sectorial) e a falta dunha aposta pola xestión pública coa participación dun ente público en cada proxecto do 51% (unha experiencia exitosa en Euskal Herria con Eólicas de Euskadi, e estamos ante un goberno de dereitas do PNV). Polas mesmas seguimos denunciando as falacias comprendidas nos 3.000 postos de traballo que xerará (pois practicamente todos serían de carácter temporal), a falta dun regulamento que evite a especulación e o mercado dos parques eólicos e o nulo seguimento aos plans industriais aprobados na era Fraga así como a falta de transparencia nos datos económicos e na contratación da empresa ELA Ingeniería (a FPG presentou por rexistro xeral unha solicitude de consulta sen termos aínda resposta).

Galiza é un territorio proclive á produción eólica, cun aproveitamento por riba das 2.500 horas/ano, por mor das boas condicións orográficas e climáticas xunto a un desenvolvemento tecnolóxico que incrementou a eficiencia dos aerogeneradores. Aínda así, a Xunta de Galiza non apostou como primeiro paso pola repotenciación dos parques actuais, que poderían xerar máis enerxía (os actuais son de 2-3MW). Con estes datos, cómpre que a administración pública saiba actuar fronte aos intereses e tirapuxas do empresariado.

A produción de enerxía a partir da biomasa é outra das fontes tradicionalmente usadas en Galiza e segue a ter visos de expansión. Pola contra, esta fonte de enerxía non debe entrar a competir coa alimentación nin co mantemento da biodiversidade, polo cal estaría supeditada a unha axeitada política agraria e forestal.

A enerxía fotovoltaica está por despegar, pois segundo o PEG, o incremento da súa produción chegaría aos 25MWp en 2012, cando en 2006 estabamos en 2MWp).

## Conclusións e propostas da FPG en materia enerxética

O sistema enerxético galego mantén unha dependencia nas importacións de cru de petróleo e de carbón, tal como sinalamos anteriormente. Por outra banda, a produción enerxética galega debe reconfigurar a súa estratexia que hoxe segue sendo a de fornecer a economía española, cunha exportación do 35,7% e un consumo interno do 64,3%. Galiza achega ao Estado español en xeración eléctrica un 9,9% do total (2006), dos cales son un 24% das renovábeis e un 18% do carbón.

A demanda interna de Galiza cóbrese cun escaso 24,6% de fontes renovábeis máis un 75,4% de non renovábeis. Esta último dato é alarmante na medida en que co paso do tempo aumentará a dependencia de Galiza das importacións e, sumando todas as fontes de enerxía renovábel de Galiza, non damos cuberto o 80% de electricidade exportada. Eis a dependencia enerxética de Galiza, eis a gran falacia da Xunta de Galiza. A maior produción eólica só poderá suplir unha parte da caída da produción térmica.

A inicios dos anos 90 se pensaba que Galiza podería aspirar ao seu total autoabastecemento de consumo eléctrico tendo como base as non renovábeis. Tal feito é unha enorme irresponsabilidade política como asegurar hoxe en día que Galiza é unha 'potencia enerxética'. Galiza segue a ser dependente. Outra cousa é a produción eólica mais mentres a porcentaxe de enerxía producida siga sendo evacuada alén do territorio galego poderemos chegar a paradoxos de importación.

A FPG defende un reenfoque da produción enerxética seguindo tres eixos: unha política de aforro enerxético; a aposta pola substitución das non renovábeis polas renovábeis; e máis unha nova política enerxética dirixida a solucionar a nosa dependencia enerxética. Para atallar isto cómpre partir do actual modelo enerxético que responde na produción segundo aumente a demanda sen favorecer políticas de redución de consumos ineficientes. Seguimos a ter problemas de carácter ambiental derivados da extracción, transporte, transformación e uso.

**A Frente Popular Galega propón, tendo sempre como obxectivo final a socialización dos recursos enerxéticos e a nacionalización da súa extracción, produción e distribución:**

**1. Modificación da política enerxética centrándose en políticas de redución de consumo, substitución progresiva das fontes non renovábeis polas renovábeis e un control estrito da Xunta de Galiza sobre as reservas enerxéticas. Incentivar o uso de enerxía renovábel en fogares e empresas.**

**2. Elaboración dun novo Plan Sectorial Eólico, garantindo a transparencia e a participación popular no seu deseño, que asente as bases da futura produción enerxética en territorio galego e un Plan de Electrificación que garanta a demanda enerxética interna, o transporte a todas as zonas (con especial atención ao rural) e unha importante mellora na rede. Revisión do Plan Enerxético de Galiza (que se realizará en 2010) para enfocalo cara a soberanía enerxética.**

3. Promover unha discriminación positiva naquelas zonas afectadas pola instalación de empresas enerxéticas así como defender unha tarifa eléctrica especial para Galiza poñendo fin á tarifa única, polas evidentes consecuencias ambientais e paisaxísticas derivadas da produción eléctrica.
4. Creación de comisións de seguimento e avaliación dos plans industriais aprobados na era Fraga nos concursos eólicos así como os acabados de aprobar no último concurso eólico en 2008.
5. Modificación das funcións do INEGA, asegurando a participación da entidade pública nun 51% en todo proxecto enerxético en territorio galego, democratización dos seus cargos que pasarían a ter un control parlamentar e creación do Consello Social.
6. Revisión dos proxectos hidráulicos aprobados até hoxe cun seguimento exhaustivo por parte do goberno dos preitos abertos contra diferentes cargos da administración Fraga, presentándose como acusación particular.
7. Estabelecemento dun canon de carácter progresivo ás empresas con índices contaminantes, promovendo as súas correccións e melloras.
8. Anulación da concesión mineira de ERIMSA na Terra Cha que afecta a chan rústico de protección agropecuaria.
9. Plan de sustentabilidade social e económica coa creación dunha plataforma agrícola e industrial no caso da produción de bioetanol e biodiésel a partir dun aproveitamento das terras expropiadas no caso de estaren a monte.
10. Camiñar cara a soberanía enerxética do pobo galego en convivencia co resto dos pobos do mundo.

## Política Agraria

O desleixo da era Fraga en política agraria xunto á normativa europea que constrinxen a produción agropecuaria galega levan como resultado a perda de 65.000 explotacións (sumando as agrícolas e gandeiras) dende os anos 90 até hoxe. A anunciada morte do agro segue a ser unha realidade visíbel en cifras.

A política de Fraga de converter certas comarcas en lugares de destino turístico coa promoción da 'Casa Rural' non trouxeron ren. O interese de promover o sector terciario fronte ao primario, é dicir, fomentar o sector servizos fronte ao sector agrogandeiro son parte da actual situación.

O despoboamento continúa a ser unhas das feblezas estruturais do medio rural. A continua emigración cara as cidades e cara o estranxeiro implican un abandono da actividade agraria, perda do valor da terra, forestación masiva, peche de explotacións, envellecemento da poboación e unha progresiva suma de aldeas totalmente abandonadas. Así, como exemplo, na comarca de Trives-Caldelas vivían nos anos setenta unhas 13.000 persoas; hoxe falamos por debaixo dos 6.000, segundo datos do último censo. Non hai indicadores que demostren nin unha paralización do despoboamento e nin moito menos algún indicio de recuperación.

A Superficie Agraria Total no ano 1999 (2.041.799Has) viuse minguada até chegar a unha redución de preto da metade, situándose en 2005 en 1.113.346Has. Estamos a falar nun período de só seis anos.

A Europa neoliberal propiciou as importacións por debaixo do custo de produción (dumping) de xeito ilegal e que arruinan aos sectores produtivos galegos como os últimos exemplos da pataca ou do leite.

Existe unha evidente aposta dende as elites institucionais, en conivencia co empresariado, de fomentar unha agricultura intensiva que vai contra a explotación familiar e que son causantes da complexa situación rural. O modelo polo que se aposta arestora responde ao modelo agroindustrial, pasando a ter o control dos alimentos básicos que consumimos as empresas (só cinco empresas controlan o 55% das vendas de alimentos no Estado español).

A capacidade de elección por parte dos consumidores é cada vez menor. O capital controla a produción e a distribución fixando os prezos o propio mercado nun proceso de concentración que roza a ilegalidade. As ganancias de empresas como Carrefour, Eroski, Gadisa ou Mercadona acadan marxes dende o 600% até o 2.000%. Pola contra, a perda do mercado local e das prazas de abasto limitan o acceso a alimentos frescos e saudábeis.

Os alimentos que nos ofrece a industria están sometidos a procesos de transformación para a súa conservación: pesticidas, conservantes... que poden ter repercusións na saúde dos consumidores.

O que non parece lóxico é que sendo Galiza unha nación con capacidade de produción agrogandeira teñamos nos mercados ofertas de alimentos do estranxeiro coas características anteriormente citadas.

O uso abusivo dos transxénicos ou organismos xeneticamente modificados (OXM) que se están introducindo en Galiza poñen nunha situación de dependencia ao agro galego pois as variedades transxénicas están protexidas por patentes que controlan as multinacionais. Cada vez é máis limitado o poder de decisión dos labregos e labregas sobre a propia produción agraria.

A alimentación na gandería está tamén suxeita a diferentes factores que xa denantes comentamos. O engorde con pensos industriais, soia e millo modificados xeneticamente, inciden igualmente na gandería tradicional baseada no pasto.

A crise de prezos de millo, soia, fertilizantes ou a baixada do prezo do leite volveu a darlle outra volta de torca ao agro galego. Cada vez máis se fai insoportábel o mantemento dunha explotación que non estea baixa a gran industria. Isto implica unha case plena dependencia do rural ás empresas.

Hai dous datos que nos deben obrigar a pensar: o problema non é de produción de alimentos senón de distribución; e báixase o prezo ao produtor pero increméntase para o consumidor. Só hai un gran beneficiado: o empresariado e a distribución.

Algúns exemplos da diferenza de prezo en orixe e destino e as marxes comerciais:

PRODUTOS	ORIXE	DESTINO	DIFERENZA
Tenreira	4,00€	15€	375%
Porco	1,46€	5,87€	402%
Leite	0,35€	0,95€	272%
Coello	1,35€	6,50€	482%
Grelos	0,40€	1,50€	376%
Pataca	0,20€	0,80€	400%

### Propostas da FPG en materia agraria

A FPG asume como guiión principal na política agraria o obxectivo da soberanía alimentar. Debemos aspirar a termos dereito a decidir que se produce, como se produce e que consumimos.

Consideramos que debe haber unha nova política agraria que aposta polo mantemento do emprego no rural camiño de recuperar unha maior superficie agraria. Para isto cómpre apostar pola defensa de pequena e mediana explotación fronte a unha política empresarial centrada na produción intensiva e agroindustrial. Deste xeito pódese dar unha resposta real á perda do valor da terra, a masiva forestación e aos incendios.

**Baixo este principio a FPG reclama para a nación galega nove medidas urxentes e básicas:**

1. Estabelecemento dun prezo mínimo remunerador que cubra os custos de produción e que estea regulado para a obrigada revisión automática en función da subida real do prezo. Tamén se regularán as marxes de comercialización e se creará unha empresa de xestión pública para os produtos da pequena e mediana explotación garantindo prezos xustos tanto para produtores como para consumidores.
2. Fixación dun prezo mínimo no contrato homologado, cunha duración mínima dun ano, e recoñecemento da negociación colectiva.
3. Fomento do mercado local e recuperación progresiva dos mercados de abastos como medida de potenciación do produto caseiro cunha nova normativa que se adapte á realidade das explotacións.
4. Creación dun regulamento na distribución dos produtos alimentarios que impida e castigue a especulación así como a falsa etiquetaxe do produto.
5. Fixación dun regulamento para evitar a especulación no Banco de Terras que estea blindado ante posibles reformas.
6. Creación dun regulamento para a expropiación de terras deixadas a monte que non estean incluídas no Banco de Terras para a transformación en pastos co fin de incrementar a base forraxeira das explotacións así como usos industriais (biomasa, bioetanol ou biodiésel) recollidos no apartado de política enerxética.
7. Favorecer políticas laborais no agro promovéndoas entre os sectores máis novos e o colectivo de inmigrantes.
8. Elaboración dun Plan para a recuperación da Superficie Agraria Útil.
9. Declaración de Galiza como territorio libre de transxénicos.

## Política Ambiental

As políticas ambientais e de defensa do medio natural desenvolvidas nestes últimos 4 anos son, -malia lixeiras melloras e infinitas operacións de maquillaxe e propaganda-, unha simple continuidade do labor desenvolvido nos anos de goberno do Partido Popular. A acción política baseada na improvisación e na procura do titular nos medios de comunicación, -frito da ausencia total dunha planificación real e seria que aborde os problemas ambientais do país-, deixa un ronsel de novas fronteas de agresión ao medio abertas, no canto de ter solucionado algún dos problemas graves xa existentes.

O complexo Ence-Elnosa segue a contaminar na ría de Pontevedra, Reganosa ameaza Ferrolterra, o goberno amosou unha incapacidade total para aumentar a porcentaxe do noso territorio pertencente á Rede Natura, non se creou o parque natural dos Ancares e O Courel, presentouse un plano acuícola que lles regala a nosa costa ás multinacionais do sector, o novo plano eólico fai o mesmo cos nosos montes, -malia ser a burguesía galega a beneficiaria deste novo roubo-, comezou o cultivo de transxénicos en varios concellos galegos, Sogama segue a “revalorizar enerxeticamente”, isto é a queimar, o 60% do noso lixo, o transporte segue alicerzado no vehículo privado e os novos plans de mobilidade potencian a construción de máis vías de alta capacidade e a chegada dun AVE insustentábel enerxeticamente que por riba esfarelará a desleixada rede de cercanías. A listaxe non tería fin: o monte segue inzado de especies alóctonas que propician as vagas de lumes, o 90% dos cursos fluviais padecen contaminación frecuente ou permanente, case a metade dos núcleos de máis de 2 000 habitantes non depuran totalmente as súas augas residuais..., poderíamos continuar cunha longa lista de agresións ambientais que a nivel nacional ou local son as consecuencias do menosprezo cara á defensa do ambiente na actuación política do goberno da Xunta.

É o momento de reformular a política ambiental, de superarmos o ecoloxismo electoralista e apostar polo desenvolvemento sustentábel, deixando atrás o consumismo descontrolado que ameaza con zugar de vez os recursos do planeta. E as liñas de actuación encamiñadas na consecución desta mudanza pasan por abandonar o capitalismo como modelo de xestión dos nosos recursos, do transporte e das relacións co medio. Estes últimos catro anos de goberno levan demostrado en innumerábeis ocasións que o modelo de aproveitamento enerxético e de xestión do medio actuais non serven, malia amosar unha leve sensibilidade cara ás opinións que dende o ecoloxismo, a universidade e a cidadanía galega en xeral levan tempo clamando por unha redefinición da liña política trazada. Na situación actual, os intereses das grandes empresas seguen a ser en última instancia os que determinan a política ambiental do goberno e o pobo galego apenas conta no deseño destas políticas. É por isto polo que **dende a FPG cremos na necesidade dunha alternativa de esquerdas, pensada dende e para o país, que defenda unha postura clara, cunha vontade inequívoca de conservación do medio, de racionalización do gasto enerxético, de diminución do consumo e de total apoio ás iniciativas que dende diversos colectivos formulan un novo modelo de relación co medio que incida na mellora da saúde ambiental da nosa terra e de todo o planeta.**

Por iso a FPG procura unha política ambiental que busque un meirande consenso cos sectores da sociedade máis implicados na defensa do medio: asociacións ecoloxistas, comunidades de montes, colectivos veciñais, que tamén apoie as investigacións e proxectos que na universidade galega levan anos sinalando o camiño a seguir e que por suposto saiba enfrontarse aos intereses do capital baseados no curtopracismo e na absoluta ausencia de conciencia ecolóxica.

**Para isto propoñemos unha serie de medidas mínimas a aplicar con urxencia:**

**1. Aumento da superficie de territorio baixo algunha figura de protección ambiental, con especial atención á Rede Natura que atinxe un paupérrimo 11.9% na actualidade, por baixo de calquera zona do Estado agás Ceuta e Melilla. Pulo definitivo á integración das serras dos Ancares e O Courel na rede de Parques Naturais, para evitar o deterioro irreversible que as louseiras e outras moitas actuacións están a traer aos valiosos ecosistemas da montaña oriental.**

**2. Mellora do novo plan de residuos, PXRUG 2007-2017, con 3 puntos fundamentais:**

a. Unha aposta firme pola compostaxe caseira, até levala ao 30-40% da poboación.

b. Unha comarcalización verdadeira da xestión do lixo, alicerzada na creación dunha rede de pequenas plantas de reciclaxe e clasificación de envases.

c. Activación de políticas que verdadeiramente impliquen a cidadanía na redución dos residuos xerados.

**3. Artellamento dunha política de xestión dos recursos hídricos, co establecemento de medidas que fomenten o consumo racional de auga. Redución do inaceptábel 20% de perdas no subministro actual e universalización do tratamento e depuración total das augas residuais con especial apoio aos sistemas de autoxestión de augas.**

**4. Redefinición do modelo de aproveitamento enerxético galego, cunha nova liña baseada nos seguintes puntos:**

a. Redución das emisións de CO2 e outros gases con efecto invernadoiro até axeitalas, canto menos, aos niveis marcados no protocolo de Quioto, através de medidas encamiñadas á redución do noso consumo enerxético, como o fomento decidido do transporte colectivo ou a mellora da eficiencia enerxética das industrias e vivendas.

b. Aposta pola microxeración de enerxía solar ou eólica, -ou outras fontes limpas de enerxía como a xeotérmica-, fronte aos megaparques para diminuír a pegada ecolóxica na produción de enerxía. Renovación e repotenciación dos parques eólicos xa existentes.

c. Paralización total de novas concesións para calquera tipo de centrais hidroeléctricas nos ríos galegos e análise da situación das concesións actuais para a retirada a medio prazo das centrais máis prexudiciais para o medio natural cun plan

de recuperación das zonas asolagadas. Modificación da lei de canon aos encoros para incorporar criterios como o consumo de auga e a produción hidroeléctrica real.

d. Potenciación racional do uso da biomasa como fonte de enerxía con pequenas centrais comarcais ubicadas nas zonas en que a acumulación de mato no monte vén provocando ciclicamente vagas de incendios.

5. Traslado da planta regasificadora de Reganosa a un emprazamento fóra da ría de Ferrol e revisar a legalidade da instalación como o cumprimento das condicións. Traslado do complexo Ence-Elnosa a un emprazamento fóra da ría de Pontevedra.

6. Paralización do Plano Acuícola que pretende regalar 2,8 millóns de quilómetros cadrados do noso litoral ás multinacionais da industria piscícola, cunha incidencia irrisoria na creación de riqueza ou emprego nas zonas afectadas. Paralización da construción de novos portos deportivos.

7. Incorporación de criterios ambientais e sociais nas decisións de compra da Administración Pública.

8. Anulación do Plano Director de Estradas encamiñado a perpetuar a petróleo-dependencia da nosa mobilidade. Potenciación do ferrocarril de proximidade, do transporte marítimo, do uso da bicicleta e de automóbiles de baixa potencia.

9. Colaboración coas comunidades de montes para a reestruturación da política forestal baixo criterios de sustentabilidade a medio e longo prazo, que permitan a paulatina substitución das plantacións de eucaliptos por outras de árbores autóctonas e por outros modelos de aproveitamento do monte.

10. Elaboración de medidas educativas, incentivos fiscais, etc., que aumenten a implicación da sociedade na defensa e preservación do medio natural.

## Política Xuvenil

A mocidade galega non pode deixar de analizar en chave negativa estes catro últimos anos, nos que por vez primeira, unha opción de corte *nacionalista*, o BNG, ocupou varias Consellarías da Xunta no seo do bipartito concertado co PSOE.

Toda unha legislatura de oportunidades perdidas, pois se ben atopamos atractivas algunhas das iniciativas do actual goberno da Xunta (centros de educación afectivo-sexual *Quérote*, oferta de espazos como a *Rede Nsaio* ou o establecemento de premios nacionais para a mocidade) somos conscientes de que cando o bipartito administrou, na marxe escasa que lle permite o marco autonómico que non pulou por mudar, este País nos catro últimos anos, **fixoo sempre de costas á mocidade da clase traballadora.**

Apréciase este feito fundamental en que **non houbo ningún esforzo para darlle saída e solución ao problema da explotación laboral, que no ámbito da mocidade ten nome de precariedade.** E comprobamos como permiten que a decisión sobre a creación de novos postos de traballo para a mocidade desempregada permanezan en mans estranxeiras, feito que favoreceu a administración procolonial, o funcionamento de sucursal do Goberno Central que este bipartito desenvolveu. Favoreceron a deslocalización, apoiaron a desregularización, entregaron os nosos recursos naturais a Madrid ou Europa, situáronse na trincheira do empresariado acompañándoo nas súas regulacións de emprego, redución de planteis e despedimentos masivos. E tampouco nos ofertaron a posibilidade de desenvolvernos profesionalmente no medio rural, como labregas/as ou gandeiras/os.

As estruturas da opresión nada mudaron e, ao tempo, comprobamos como os xestores do beneficio, do lucro en base á explotación laboral, se erixen en “representantes do pobo galego”. A participación da clase empresarial neste goberno, co nomeamento de Conselleiras/os e Directores/as Xerais propietarias/os e xerentes de empresas, tanto por parte do PSOE coma do BNG, revólvenos no noxo. Quizais por isto, a súa pretendida *solución* á crise económica que atravesamos sexa a inxección de fondos públicos en empresas como Citroën.

**A represión política, xudicial, administrativa e policial da mocidade galega é unha constante.** Mais agora apreciamos como mesmo o BNG, na voz de Quintana, aplaudiu a represión e as diferentes detencións policiais practicadas polo Estado español nos últimos tempos, e que se dirixiron especialmente na contra da mocidade. Nada se dixo sobre a dispersión destas/es mozas/os secuestrados a moitos quilómetros do seu País. E as Forzas Policiais seguen a ser as amas e señoras das rúas do noso País, perseguindo e disolvendo calquera tipo de protesta popular. Seguindo infatigabelmente e de preto, e polos medios máis ilícitos, a actividade política das organizacións da mocidade traballadora e independentista.

Alternativas ao ocio capitalista, consumista, como teñen sido as orixinais xornadas de xogos de rol ao vivo, non esconden a insuficiencia deste bipartito ao estruturar, como debera, unha alternativa real e viábel a este ocio mediado que lle forneza á mocidade a oportunidade de se desenvolver no seu tempo libre á marxe dos mandados do mercado, dono e amo absoluto, no

día de hoxe de todo o noso tempo de lecer. **Non se avanzou ren na apertura dun campo para un lecer anticonsumista e conectado coa nosa realidade nacional.**

No eido deportivo, a insistencia na oficialización (necesaria) das Seleccións Nacionais, con apenas repercusión verdadeira no fútbol sénior e de xénero masculino, non remitiu no tamén **necesario desenvolvemento do deporte de base, é dicir, no financiamento das canteiras dos clubs deportivos, do deporte municipal, dos deportes tradicionais galegos, na inxección de fondos públicos para posibilitar a auto-organización de eventos deportivos** (á marxe das ligas oficiais) que son as xenuínas celebracións do deporte máis achegadas ao conxunto da mocidade galega.

Ao falarmos de cultura, non tivemos ocasión de apreciar case ningunha evolución palpábel. Ségueselle a dar as costas ao fomento dunha actividade cultural ligada á nosa identidade diferencial. Segue sen fomentarse o artellamento do edificio da cultura galega, da nosa cultura nacional, que atenda ás súas verdadeiras raíces. **Esiximos unha cultura para a e da mocidade que non se teña que adaptar ao mercado, unha cultura que vire a ollada ao importante herdo cultural que as galegas e os galegos recibimos do pasado e que, sen dúbida, somos quen de proxectar ao futuro.** Mais, tristemente, o bipartito seguiu a practicar o clientelismo que o fraguismo practicou durante anos neste eido, a súa política de contratación e de difusión oriéntase por *clientelismos* e *amiguismos*, realidade tan coñecida por todos nós. Galiza é unha nación que en pleno século XXI aínda non está dotada das institucións culturais suficientes que garantan a súa pervivencia, faltan bibliotecas, faltan e as poucas iniciativas orixinais neste senso marxinan ao conxunto da mocidade.

**Seguimos a ser reprimidos no traballo, no ensino, na administración, no noso día a día, por falarmos a nosa única lingua: o galego.** O autodenominado *nacionalismo*, que ven compartir goberno cunha forza política marcadamente centralista e españolista, deixou da man do PSOE a carteira de Política Lingüística. Se este feito é de seu vergoñento, aínda máis desacougante é o feito de que **o estado de retroceso da nosa lingua non está a ser freado.** A discriminación lingüística é unha realidade cotiá que atenta contra a mocidade galega. Ningunha firmeza na aplicación de Leis e Decretos insuficientes, como a arcaica Lei de Normalización Lingüística ou o precario Decreto do Galego no Ensino, e ao tempo, este Goberno xa cadáver financia a través do departamento de Política Lingüística os *mass media* que dan voz e acubillo a grupúsculos neofascistas do estilo de Galicia-Bilingüe. Ningún paso cara a Normalización, namentres iniciativas como as Galescolas, abofé que insuficientes, se dotan de persoal castelanfalante. Moitas concesións e ningún paso firme para acadar, no futuro, o monolingüismo social.

A Educación nacional, popular, democrática e científica non só non foi unha preocupación nestes últimos catro anos, senón que **o goberno bipartito demostrou un compromiso activo na privatización do ensino público, colaborando acriticamente na estruturación do antidemocrático Espazo Europeo de Educación Superior, e participando na reforma educativa orientada a obedecer os ditados do mercado e da Europa do capital**, que se trazou ás costas do estudantado. Tampouco se preocupou da precariedade laboral encuberta, que para o estudantado de Formación ou da Universidade leva o nome de “bolsas de colaboración” ou de “traballo en prácticas”, eido no que a explotación e a falta de dereitos laborais é unha realidade constante.

No que atinxe ao consumo do alcol e das drogas, que debe ser analizado criticamente pola mocidade, a cal debe concienciarse dos intereses inmobiliarios e económicos que se esconden detrás deste consumo, dirixido, controlado e mediado pola burguesía internacional, **tampouco**

**este bipartito presionou ao Estado** (competente na materia) **no camiño da súa despenalización**, que entendemos como única solución viábel. Pola contra, coa conivencia das súas filiais municipais, perseguiuse de certo o “botellón”, o consumo (que non a venda) de drogas e reprímese como tal máis unha vez ao conxunto da mocidade, combatendo as consecuencias e amosándose faltos de perspectiva, incapaces de localizar as causas xenéticas deste consumo.

**A mocidade da clase traballadora, ten uns obxectivos específicos que ningunha forza política con representación parlamentari soubo recoller.** Que nin sequera se prestaron a escoitar. Amais, a primeira vez que unha forza “nacionalista” ocupou unha cota do goberno autonómico resolveuse inimiga da mocidade traballadora, e colaborou no fortalecemento do marco autonómico, que non nos serve.

**Eis algúns puntos mínimos que a FPG defende para a mocidade:**

1. Desaparición do traballo en precario, temporal e de fin de obra.
2. Control dos contratos específicos que as empresas fan á mocidade.
3. Frear a promoción do exército español como saída laboral para as mozas e mozos e prohibición da publicidade militarista nos centros de ensino e de lecer xuvenil.
4. Esixencia ao Estado da maioría de idade e o dereito ao sufraxio dende os 16 anos.
5. Cesamento da represión ao botellón e a outras actividades lúdicas, e habilitamento de zonas para o lecer xuvenil satisfactorias para tod@s.
6. Igualdade salarial e de dereitos entre a mocidade e o resto d@s traballadoras/es.
7. Ampliación da oferta de ciclos formativos tanto de FP como de Formación Ocupacional, en quendas vespertinas e nocturnas tendo en conta as demandas do alumnado, tanto en horarios como na oferta.
8. Unha Formación Profesional enraizada no seu propio medio, promotora do equilibrio ecolóxico, do benestar social e da compensación das desigualdades por razón de grupo social, etnia ou sexo.
9. Remuneración completa do traballo en prácticas.
10. Un ensino universitario gratuito tanto nas matrículas, no material así como na residencia nas distintas cidades universitarias. Axeitado ao mercado laboral, cun maior fincapé nas prácticas e axeitamento das mesmas. Libre á hora de elixir a carreira, posto que a selección debe ser a posteriori, no propio ensino e non antes.
11. Estabelecer os mecanismos axeitados para reforzar políticas de prevención e accións específicas sobre o fracaso escolar dende que o alumnado entra no sistema educativo.
12. Planificación familiar accesíbel aos mozos e mozas, contemplando a distribución gratuita de métodos anticonceptivos.

13. Garantir a existencia nos centros de atención primaria de áreas de sexualidade e anticoncepción, achegando esta información aos barrios, ás zonas periféricas da cidade e ás zonas rurais.
14. Dereito ao aborto, libre e gratuito con cobertura real na sanidade pública.
15. Implantación en todos os centros de saúde de consultas xinecolóxicas.
16. Implantación nos centros de ensino medio de programas específicos de educación sexual, con especial fincapé nas enfermidades e infeccións de transmisión sexual.
17. Gratuidade dos medios de transporte públicos para @s menores de 35 anos.
18. Dotación de vivendas dignas e gratuitas (sen micro-pisos nin microcréditos) para a mocidade, libres de lucro para as inmobiliarias e sen trabas para @s demandantes.
19. Esixencia de que a sanidade pública cubra o tratamento de desintoxicación para as persoas drogodependentes.
20. Fomento entre a mocidade do deporte popular e de base.

## Política de Poboación e Territorio

A xente galega foi ocupando o territorio nacional dun xeito particular, destacando como característica principal a dunha gran dispersión dos núcleos de poboación.

A unidade básica de agrupamento veciñal é a parroquia, e así ven sendo desde tempos pasados. Sen embargo, tal unidade de poboamento non é recoñecida no ordenamento administrativo. Situación que contrasta enormemente co que acontece en Portugal, onde a freguesía é o ente básico do entramado administrativo do país irmán: alí existe a Junta de Freguesía e a Assembleia de Freguesía, e nos comicios municipais bótase para os dous entes, para o municipio e para a freguesía.

En Galiza, os sucesivos gobernos autonómicos miraron para outro lado e mantiveron o estatus do franquismo.

Ante o despoboamento do rural, moitas voces veñen reclamando o agrupamento de concellos. Ben, a FPG considera necesario un estudo moi serio e pormenorizado da situación para buscar alternativas. Non sabemos a día de hoxe se algúns concellos deben perder entidade, pero o que si temos claro é que a parroquia debe gañar en presenza e recoñecemento.

Por riba de parroquias e concellos, a imposición borbónica da provincia permanece como unha forma artificial de administración. Fieis á tradición do galeguismo, xunto á elemental reivindicación de recoñecemento da parroquia, consideramos tamén necesaria a inmediata desaparición das provincias e a reorganización do territorio en comarcas.

### **Neste sentido apuntamos algunhas medidas de carácter urxente:**

1. Recoñecemento da parroquia, urbana e rural, e elaboración do Mapa Parroquial de Galiza.
2. Dotar á parroquia de contido político e administrativo.
3. Suspensión e revisión do Decreto 65/1997, do 20 de febreiro polo que se aproba definitivamente o Mapa Comarcal de Galiza. Elaboración dun novo Mapa Comarcal consensuado con todos os axentes implicados e que represente a realidade territorial da nación.
4. Dotar de contidos políticos e administrativos ás comarcas. Eliminación da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
5. Eliminación da provincia e a administración parella. As súas competencias pasarán, tras a súa avaliación, a mans da parroquia, concello, comarca ou goberno autonómico.

## Ordenación do territorio

Durante estes anos viñemos reclamando a elaboración e posta en práctica dunhas directrices de ordenación do territorio, que superasen a situación de irracionalidade do noso crecemento urbanístico.

Hai poucos meses, a Consellaría de Ordenación do Territorio fixo público un documento denominado DOT (Directrices de Ordenación do Territorio) absolutamente retrógado e seguidista dunha filosofía baseada no mesmo modelo das últimas décadas. En lugar de ir á superación dos sistemas privados e particulares de comunicación, o que se fixo foi trazar miles de quilómetros de estradas e de autovías, e non situar nun primeiro plano os sistemas de transporte públicos e colectivos que, ademais de socializar os desprazamentos, contribuisen a aforrar no consumo dun combustible en franca recesión.

Ademais, estas DOT foron promulgadas sen un debate previo a nivel social cando a importancia do tema requiriría da participación democrática máis ampla.

Significan estas DOT unha enorme frustración e un erro moi serio do goberno autonómico. En consecuencia, reclamamos o inicio dun proceso de discusión para derrogalas e levantar unha nova proposta con criterios de racionalidade e de progreso.

Na mesma liña están propostas como Vigo Integra onde se trazan viais desde un despacho sen ter en conta as necesidades e os intereses veciñais.

O tradicional liberalismo que deu como resultado un caótico sistema comunicacional en Galiza, sempre orientado cara o centro metropolitano do estado, abandonando a intercomunicación nacional, non pode ser superado a golpe de decreto e con tan retrógradas propostas.

O caso do AVE é demostrativo dunha acción de goberno colonizado. Na FPG entendemos que as necesidades prioritarias na conexión con Portugal, con España e con Europa estarían nunha infraestrutura ferroviaria mixta: viaxeiros e mercadorías; e no plano interno, a potenciación da dupla vía e a creación dunha rede de ferrocarril interconectada, con especial atención ao servizo de cercanías das cidades e vilas galegas. Nada disto asume a "clase política" galega, obsesionada coa chegada do AVE.

## A vivenda

Consideramos na FPG que o sistema de aluguer público, practicamente inexistente no noso país, é o máis sustentable e asequible para acceder a unha vivenda digna. Poñer no mercado, a través dun organismo público, a gran bolsa de vivendas baleiras existente e fomentar a construción de vivenda pública para este fin a prezos taxados é unha prioridade absoluta.

Aínda concordando coa filosofía do Plan Sectorial Galego de Solo Residencial que a Consellaría de Vivenda e Solo ven de presentar en plena precampaña electoral non podemos dicir o mesmo das formas nin do momento escollido. O Plan estaba verde, non se tiña informado e moito menos consensuado coas parroquias, asociacións de veciños ou mesmamente coas

persoas afectadas, tan só se está mercadeando con gobernos municipais afíns á propia Consellaría. O dereito dos galegos e galegas a unha vivenda non pode ser moeda de cambio en épocas electorais.

Tan só pouco máis de 30 concellos contan con PXOM polo que a excepcionalidade segue sendo a ferramenta que os caciques locais empregan para levar a cabo os negocios inmobiliarios dos que forman parte. Teríámonos que preguntar onde están as bolsas de solo público que as grandes promocións de vivendas “libres” cederon aos concellos e canto foi destinado á construción de vivendas de protección oficial.

Tamén un plan coma este debe especificar que dotacións de todo tipo contempla: dotacións educativas, sanitarias, culturais, deportivas, de saneamento, de comunicación, etc.

Insistimos en que nunca, en aras dunha inmediatez electoral, deberan obviarse procesos democráticos que contribúan ao respecto dunha poboación asentada no territorio dunha maneira determinada desde tempos inmemoriais, como nunca, en aras dun progreso mal entendido, deberan liquidarse formas de vida tradicionais.

## Política Cultural e Educativa

Os 16 anos de goberno da dereita no noso país deixaron un panorama estarrecedor na cultura e no sistema educativo galegos, situación que se propiciaba dende unhas liñas de actuación encamiñadas a manter a cultura afastada da sociedade, arrombándoa paseniño cara ao currunchito megalómano do Gaiás e no eido educativo apoiando con decisión o ensino privado.

Malia a mudanza de goberno do 2005, a pesar de certas medidas aplicadas, -creación da rede de galescolas, aposta pola visualización da cultura galega no mundo e pola dinamización cultural afastada de folclorismos-, **en xeral os catro anos de goberno bipartito tan só lles deron un verniz ás liñas marcadas polo goberno do PP**, un chisco de patente para que pensásemos que se trataba dun barco novo. Pero non. É o mesmo barco, é o mesmo patrón, e a rota segue a levalo ás pedras. Non se pode entender doutro xeito levar investido nestes 4 anos máis de 200 000 000€ de euros nunha delirante Cidade da Cultura que ninguén ten claro aínda para que vai servir ou ter orzamentados para este 2009 máis de 250 000 000€ de euros para subvencionar os colexios privados concertados, diñeiro que representa no fondo unha financiación encuberta da igrexa católica, propietaria de moitos destes centros. E acarán do despropósito de ollarmos máis de mil millóns de euros do investimento público destes 4 anos xestionados baixo intereses bancarios, Cidade da Cultura, ou relixiosos, centros de ensino concertados, temos partidas orzamentais destinadas a apoiar a RAE ou a UNED, institucións que non se caracterizan, xa non por representar, senón por respectar a cultura galega. Non abonda con decisións electoralistas de retirar as subvencións aos colexios ultra-católicos que segregan a mocidade por razón de sexo a 2 meses vista das votacións. O debate político sobre a nosa cultura debe ir alén das contas dunha viaxe ao estranxeiro. Cómpre endereitarmos o rumbo.

Por iso **dende a FPG cremos que hai que seguir a loitar por un ensino nacional, público e laico, por unha cultura vizosa, galega e conectada co mundo, que non quede encerrada nun mausoleo** para abraiar os visitantes e espertar saudade nos galegos. Fronte ao modelo mundializador de sociedades, -no primeiro mundo-, que comen o mesmo, visten igual e ven os mesmos filmes non son dabondo as maquillaxes socialdemócratas, hai que ser afoutos e trazar políticas que modifiquen non só a forma senón o fondo e lle devolvan ao pobo o seu papel de produtor, e non mero consumidor, de cultura e que rematen coa influencia da igrexa católica na educación das nenas e nenos do país.

**Estas son algunhas medidas mínimas para acadar eses obxectivos:**

1. Paralización do proxecto da cidade da Cultura e disolución da Fundación xestora. Anulación dos orzamentos dedicados a este proxecto e apertura dun proceso de estudo e análise dos posibles usos das edificacións xa realizadas.

2. Potenciación da investigación científica, con políticas reais e orzamentadas con rigor que rematen coa emigración de profesionais altamente capacitados.
3. Apoio decisivo á proxección exterior da cultura galega, dirixida nomeadamente cara aos países de lingua portuguesa e a aqueles outros que por motivos históricos e culturais teñen relación de séculos co noso.
4. Elaboración dun currículo nacional galego, para o ensino obrigatorio (primaria e secundaria) e para o bacharelato.
5. Gratuidade exclusiva dos libros de texto para a rede pública.
6. Cese de todo tipo de financiación, tanto directa como indirecta aos centros privados e progresiva eliminación destes, a comezar por aquelas zonas onde a estrutura do ensino público poida recibir o alumnado destes centros.
7. Creación da Universidade Aberta de Galiza, mediante a absorción da UNED, de carácter público, cun currículo adaptado ás necesidades do noso pobo e que potencie de xeito significativo as novas tecnoloxías para que calquera galega ou galego, dentro ou fóra do país, en calquera situación, poda acceder ao ensino superior a distancia.

## Política Lingüística

Nos últimos anos, a aprobación do Plan Xeral de normalización nos estertores da era Fraga, mal deseñado e pouco eficaz, e nomeadamente a do Decreto do galego no sistema educativo, aplicado no curso 07/08, trouxeron o comezo dunha verdadeira, aínda que tímida, política lingüística no país, centrada na educación e que ten provocado cativas protestas entre grupos afíns á extrema dereita. Por outra banda, o Mapa sociolingüístico publicado no ano 2007 permite albiscar a situación á que a deriva actual pode levar o noso idioma nun prazo de 30 ou 40 anos; por vez primeira na historia do país, o galego pode ser a lingua de menos do 50% da poboación. De feito, hoxe en día a porcentaxe de menores de 25 anos que teñen como lingua inicial -exclusiva ou maioritariamente- o galego non chega ao 10% en Vigo ou Ferrol e non acada o 40% en ningunha das outras cidades.

Xa que logo, chegou o momento de que o pobo galego decida o futuro do seu idioma. E dende a FPG apostamos por abandonar de vez a pasividade, as actuacións politicamente correctas e o malgasto de fondos públicos con erráticos e extravagantes criterios que no mellor dos casos crean bandullos agradecidos onde debería haber dinamismo e no peor financian directamente medios de comunicación escritos en galego apenas nun miserento 10% e cunha liña editorial manifestamente belixerante co idioma. Cun gasto por habitante de 7,2 €/ano en política lingüística, con millóns e millóns de euros investidos, teoricamente, na defensa do idioma, non se pode negar o rotundo fracaso das políticas de normalización dos últimos 25 anos. É tempo de mudanzas.

E as mudanzas deben comezar pola visibilización dunha postura clara a prol do galego, que formule planos de actuación con rigor e seriedade e que esixa con contundencia o cumprimento da lexislación no tocante aos dereitos lingüísticos dos e das galego falantes ou a súa modificación inmediata nos casos en que aínda os mantén en inferioridade. Tamén é tempo de intensificar as relacións cos países de lingua portuguesa, de coñecermos a súa cultura de primeira man e de apostar definitivamente pola incorporación da lingua portuguesa aos planos de estudo do ensino secundario que lle permita ao estudantado rematar o ensino obrigatorio con dominio do galego, o portugués, e outros idiomas como o inglés. Fronte á imposición, monolingüismo social. Cómpre creamos unha sociedade orgullosa do seu idioma nacional e capacitada para se comunicar con outros pobos e culturas sen peneiras centralistas de ningunha caste.

**Estas son unha serie de actuacións imprescindíbeis para acadar ese obxectivo:**

1. Elaboración e execución dun plan integral de inmersión lingüística en todos os niveis do ensino obrigatorio.
2. Garantir a efectividade de dereitos lingüísticos para que unha persoa galegofalante se poida desenvolver en calquera ámbito e situación da vida social e privada na súa lingua, sen renunciar a ela, mesmo nas súas relacións con institucións e entidades non galegas.

3. Reformular as subvencións e convenios de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Comunicación. Retirada de apoio a publicacións non escritas en galego maioritariamente e mais a propostas alleas á normalización.
4. Realizar planos de formación urxentes para profesorado, profesionais dos medios de comunicación etc., que os capacite para desenvolver o seu labor eficazmente en lingua galega.
5. Controlar o cumprimento do decreto do ensino do galego, con actuacións rigorosas e contundentes nos centros privados onde é manifesto o seu incumprimento.
6. Apoiar a introdución do galego na informática e nas novas tecnoloxías, nunha liña baseada no fomento do software libre en galego, da presenza do idioma nas webs do país e nos aparellos de telefonía móbil, etc.
7. Apostar polo achegamento á lingua e á cultura dos países lusófonos. Apoio á recepción das televisións e radios portuguesas. Fomento do intercambio, do coñecemento mutuo, que remate coa subordinación cultural con respecto do español.
8. Redeseñar a RAG e mais o ILG para os dotar de maior dinamismo e da capacidade precisa para ser o referente nas cuestións xeradas arredor do idioma.
9. Desenvolver plans de actuación consensuados coas comunidades de galego falantes baixo administración das provincias de Asturias, Cáceres, León e Zamora que garantan os dereitos lingüísticos dos seus habitantes a todos os niveis.
10. Crear políticas encamiñadas a implicar a gran maioría da sociedade galega na preservación e transmisión do idioma. Actuacións que incidan na importancia de termos lingua de noso, como expresión do noso xeito de interpretar a realidade e como ferramenta de comunicación imprescindible a todos os niveis.



**FPG**

**FRENTE POPULAR GALEGA**

**[www.frentepopulargalega.org](http://www.frentepopulargalega.org)**